

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 1 DE XULLO DE 2010.

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e cinco minutos do día un de xullo do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-Presidente D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D^a. Angeles Díaz Prados e D^a Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 17.06.2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 17.06.2010.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

Ao amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde propónse a inclusión por motivo de urxencia do asunto “RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 423/2010”, debido á necesidade de ratificar a aprobación, mediante Resolución da Alcaldía, da certificación nº 2-final da obra de "SEPARATA Nº 3(2ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN, e a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.-Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto "RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 423/2010", e incluílo na orde do día como punto núm. 6.

2.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DAS OBRAS DE “ABASTECIMIENTO DE AUGA Ó LODAIRO”, INCLUÍDAS NO POS ADICIONAL 2009

Vista a proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación a favor de D. BEGASUCEGSA, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda:

1º.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente a obra “ABASTECIMIENTO DE AUGA Ó LODAIRO”, incluída no POS ADICIONAL 2009 a D. BEGASUCEGSA no prezo desglosado que figura a continuación:

A) Prezo sen I.V.E.: 57.167,10 €

B) I.V.E.: 9.146,74 €

C) Total (A + B): 66.313,84 €

Todo elo tendo en conta a necesidade de contratación das citadas obras para dotar á zona das melloras que se describen no proxecto técnico e ser ésta a oferta máis ventaxosa para o Concello.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2010.0.161.0.62705 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Requerir ao adxudicatario provisional para que no prazo de quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique o acordo no B.O.P. constitúa a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 2.858,36 euros, e presente - no caso de non telo feito no momento de presentar a súa proposición - a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5º.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario provisional e ao resto dos licitadores.

3.- PROXECTO MODIFICADO “EDIFICIO PARA ALBERGAR CENTRO DE RECUPERACIÓN”, INCLUÍDA NO FONDO ESTATAL 2010

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes da secretaría e intervención municipais, obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar aprobación ao modificado do proxecto da obra de "EDIFICIO PARA ALBERGAR CENTRO DE RECUPERACIÓN" incluída no Fondo Estatal 2010, cun importe de CENTO CINCUENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS TRINTA EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (152.530,66 € IVE incluído) redactado pola arquitecta Dna. Mercedes Hermida Feal, de data xuño 2010, sinalando que o presente modificado non supón incremento sobre o prezo de adxudicación (152.530,66 € IVE incluído), feito por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.04.2010

2º.- Dar traslado do presente acordo ao adxudicatario e á dirección de obra.

4.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO EDIFICIO FRANCISCO VIZOSO”

Visto o escrito da Deputación Provincial no que solicita a acreditación de que a obra non coincide coa obra de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas do Plan 2006 “Proxecto 3- CEIP Santiago Apostol”, e tendo en conta que de acordo coas bases reguladoras do programa o prazo para a contratación é de cinco meses, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda deixar pendente o asunto ata ter por escrito a confirmación da Deputación.

5.-LICENZAS DE OBRA

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame

da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

LICENZAS DE OBRAS MENORES:

- **Dña. LUZ MARINA SILVAR TORRENTE (EXPTE. 184/2009) segundo solicitude de data 26 de outubro de 2009**, para pintado exterior de fachada, en Rilo nº 11, referencia catastral: 1713905NJ6111S.

A obra sitúase nunha parcela cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

O edificio atópase **fóra de ordenación**, pola aliñación da AC-122. De acordo coa autorización do Servizo de Infraestructuras, do Departamento Territorial de A Coruña, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 06.05.2010, obrante no expediente, e cuxas condicións deberá cumprir (obras de mera conservación, ser variar a estrutura nin as dimensións).

Orzamento: 5.150,00 euros.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses

6.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA 423/2010

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a resolución da alcaldía que deseguido se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA Nº. 423/2010, de data 30.06.2010.- Vista a certificación de obra que deseguido se relaciona, presentada pola empresa CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L.:

- Certificación nº 2 final da obra de "SEPARATA Nº 3(2ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN"

E tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal, obrante no expediente, pola presente **RESOLVO:**

1º.- Prestar aprobación á certificación núm. 2 final da obra de "SEPARATA Nº 3(2ª PARTE) ABASTECIMIENTO DE AUGA A FRANZA, O SEIXO E SAN XOÁN " por importe de OITO MIL SETECENTOS NOVENTA E SETE EUROS CON VINTECATRO CÉNTIMOS (8.797,24 €) con cargo á partida 2010.1.161.0.62701 do orzamento vixente, así como á factura correspondente.

2º. - Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 07.06.2010.

3º.- Que se remita copia á Excma. Deputación Provincial de A Coruña por estar incluída no POS 2009 e ser obxecto de subvención do citado organismo

4º.- Ratifíquense os presentes acordos na vindeira sesión da Xunta de Goberno Local que se celebre.“

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e quince minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe
O ALCALDE